

FICHA TÉCNICA
INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA
CAPÓN DE VILALBA

Creación: Recoñecida como indicación xeográfica protexida mediante o regulamento de execución (UE) 2017/1833 da Comisión, do 25 de setembro de 2017 (DOUE L 260, do 10.10.2017).

Prego de condicións: **URL do Prego de condicións:**
https://agacal.xunta.gal/sites/default/files/calidade-alimentaria/produtos-carnicos/Pliego_de_condiciones_CAPON_de_VILALBA_febrero_2017_C.pdf

Enderezo: Avenida do Camiño Francés, 10 baixo
15703 Santiago de Compostela, A Coruña
Tel.: 881 997 279
Correo electrónico: agacal.certificacion@xunta.gal

Web: <https://agacal.xunta.gal/es/calidad-alimentaria/produtos-gallegos-de-calidad-diferenciada/productos-carnicos>

Rexistros a 31 de decembro de 2025:

Explotacións:	3
Elaboradores/Comercializadores:	3
Industrias cárnicas, matadoiros e sás de despezamento:	1

Volume de actividade no ano 2025:

Produción:	728 kg
Valor económico estimado:	16.000 €

Zona amparada pola IXP Capón de Vilalba

A zona xeográfica de cría, sacrificio e procesado dos capóns amparados pola indicación xeográfica queda limitada os concellos de Muras, Xermade, Vilalba, Abadín, Pastoriza, Guitiriz, Begonte, Cospeito e Castro de Rei, que conforman la comarca denominada "Terra Cha".

Produto protexido

As aves utilizadas para a obtención da carne da IXP Capón de Vilalba deberán cumprir os seguintes requisitos:

Serán machos da especie *Gallus domesticus* que teñan como rasgo común a súa rusticidade, o que permite a súa cría o aire libre nas condicións climáticas da zona. Deben ser razas semipesada e de crecemento lento, que presenten plumaxe de cor marrón-avermellado. Estas características cúmprense pola raza autóctona *Galiña de Mos* frecuentemente (pero non exclusivamente) utilizada na zona, en pureza ou cruzada e outras estirpes de crecemento lento tradicionalmente utilizadas na produción do Capón de Vilalba.

Características

Deberán ser criadas (polo menos a partir da castración, incluída esta), cebadas, sacrificadas e preparadas para a comercialización na área xeográfica antes definida.

A crianza terá lugar en locais con suficiente luz e protexidos dos ventos dominantes de inverno.

A castración realizarase cando teñan entre 1 e 1,5 kg de peso vivo, o que corresponde a unha idade de entre 45 e 60 días.

O cebo do Capón de Vilalba realízase tradicionalmente nas "capoeiras", gaiolas que estarán construídas cos materiais e as dimensións que estipule a normativa vixente en benestar animal. Esta fase de cebo debe durar polo menos 25 días.

O sacrificio debe facerse cunha idade mínima de 150 días, e as canles deberán ter un peso mínimo de 2,5 kg. Porén, os capóns acollidos a indicación

xeográfica que se vaian a comercializar como "Capón de Nadal", deben ser sacrificados cunha idade mínima de 7 meses (210 días), e ter un peso mínimo de 4 kg.

A comercialización do "Capón de Vilalba" farase en canais enteiras. Porén, poderase autorizar a comercialización da canle troceada, admitíndose o despece nos puntos de venda, sempre que se estableza un adecuado sistema de control que garanta a procedencia do produto, a súa orixe e calidade, así como a a súa perfecta conservación e correcta presentación ó consumidor, a fin de evitar calquera posibilidade de confusión.

